



PUBLICACIÓN

CONSULTA PÚBLICA CIDADÁ SOBRE ORDENANZA REGULADORA DE XESTIÓN DE RESIDUOS MUNICIPAIS NO CONCELLO DE TEO

O concello de Teo en manifestación do principio de autonomía local e da potestade regulamentaria quere iniciar a elaboración dunha ORDENANZA REGULADORA DE XESTIÓN DE RESIDUOS MUNICIPAIS NO CONCELLO DE TEO

De conformidade co artigo 133 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas co obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración das normas, solicítase a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa: A presente ordenanza ten por obxecto regular o depósito, a recollida, o almacenamento, o transporte, a valorización, o tratamento e a eliminación dos residuos domésticos ou urbanos xerados no termo municipal.
- b) Necesidade e oportunidade da súa aprobación: regular o servizo co fin de garantir as condicións adecuadas de salubridade pública, benestar cidadán, limpeza e ornato do espazo público, contribuíndo á debida protección da saúde das persoas e do medio ambiente.
- c) Os obxectivos da norma: pretende fomentar comportamentos e actitudes encamiñadas a manter o municipio limpo e a promover a prevención na xeración de residuos, a súa redución, reutilización, reciclaxe e outras formas de valorización, de acordo cos principios da economía circular e da sustentabilidade ambiental
- d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias . No exercicio das competencias municipais, a presente ordenanza desenvolve a lexislación estatal e autonómica en materia de residuos e de réxime local

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Teo (artigo 27.3.da Lei 39/2015)



Os cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren poden facer chegar as súas opinións sobre os aspectos expostos durante o prazo de dez días (a contar dende o día seguinte ao de publicación do presente anuncio na web municipal e na sede electrónica municipal (a súa presentación en calquera dos lugares indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas)

Publícase a efectos do artigo 133.2 da Lei 39/2015 un borrador inicial co obxectivo de dar audiencia os cidadans afectados e recabar cantas aportacións adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades .

A Alcaldesa de Teo

Lucia Calvo de La Uz

Documento asinado dixitalmente

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Teo (artigo 27.3.da Lei 39/2015)